

O plan de parto e nacemento

19 de Xaneiro de 2021

Tempo estimado de lectura: 2 min

Información sanitaria



Plan de parto e nacemento



28 semanas

Presentación do plan de parto e nacemento



32 semanas

Resolución de dúbidas e estudo de opcións



36-38 semanas

Revisión do plan de parto e nacemento



É un documento que che permite expresar, de forma anticipada, as túas preferencias en relación con algúns aspectos relacionados coa atención que che gustaría recibir durante o parto e nacemento. Previamente á súa elaboración, o persoal sanitario proporcionarache toda a información e asesoramento que requiras. Lembra que podes revogalo en parte ou na súa totalidade durante o transcurso do parto.

Na visita das a visita das **28 semanas**, podes amosar a túa intención de cumprir ou presentar un plan de parto e nacemento. En caso afirmativo, daranche a coñecer un documento elaborado para tal fin e explicaranche a súa finalidade e contido. Unha vez que o leas con tranquilidade, podes ir marcando as opcións que consideres oportunas e na seguinte visita prenatal, ás **32 semanas** de xestación, o persoal sanitario encargado do teu embarazo resolverache as dúbidas que lles formules. Tamén che poden amosar as opcións mais convenientes segundo as túas expectativas e circunstancias persoais para telo en conta no momento do parto e nacemento.

Na seguinte visita, ás **36-38 semanas** revisaredes o plan de parto e nacemento conxuntamente

por se hai algún cambio ou dubida que quedará rexistrado no libro de saúde da embarazada e na historia clínica para que sexa tido en conta polo resto de profesionais. No momento que ingreses no hospital, a matrona comprobará a existencia do plan de parto e nacemento e revisarao conxuntamente contigo e a túa parella, por se necesitas aclarar algunha dúbida, modificando e actualizando o que sexa necesario, facéndoo constar neste documento e rexistrándoo na historia clínica.